XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica

Edif.Admvo. San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981 544 513 Fax: 981 544 601

galicia

Anuncio de información pública

VI. ANUNCIOS

A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

ANUNCIO do 23 de febreiro de 2016, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, polo que se acorda someter a información pública o anteproxecto da Lei de creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia.

A Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza está a tramitar o anteproxecto de Lei de creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia, iniciado por solicitude da Asociación Profesional de Terapeutas Ocupacionales de Sanidad y Seguridad Social de Galicia.

En virtude do exposto no artigo 7.4 do Decreto 111/1984, do 25 de maio, polo que se aproba o Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia, modificado polo Decreto 57/1994, do 25 de marzo, e co fin de garantir unha maior participación da cidadanía neste trámite administrativo,

ACORDO:

Someter a información pública, por un prazo de quince días hábiles que se contarán desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio, o anteproxecto da Lei de creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia.

O texto do anteproxecto de lei poderá consultarse no seguinte enderezo electrónico: http://cpapx.xunta.es/normativa-en-tramitacion/

As persoas interesadas, dentro do prazo sinalado, poderán enviar as súas alegacións preferentemente mediante correo electrónico ao seguinte enderezo colexios.profesionais@xunta.es ou, alternativamente, mediante a presentación dun escrito dirixido á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2016

Beatriz Cuiña Barja
Secretaria xeral técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

CVE-DOG: qusjchg7-uer4-hvt5-z3r7-maeorfgwfbq7